

LUNS 11 DE MAIO DE 2020

MIRÓN



- O sábado 9 foi o Día de Europa, pero que é iso? España, que é o país onde vivimos, xuntouse a outros países próximos para formar unha alianza común que se chama "UNIÓN EUROPEA". Nesta unión hai moitos outros lugares (países como no que vivimos nós) onde vive moita xente que fala outros idiomas. Por exemplo, inglés como a profe Bea.
- Recordades cando Claudia marchou de viaxe antes do Entroido? Pois foi a Suíza, que é un país de Europa.
- Hoxe, a profe de apoio Sonia, móstranos un montón de monumentos de diferentes países que seguro que vos van gustar moito (adxunto).
- 5 ANOS: observade todas as tarxetas dos monumentos, falade sobre o que vedes, recortádeas, mesturádeas e despois collede unha. Que pon? Tedes que pescudar a que país de Europa pertence e buscar o nome dese país no mapa político (adxunto).
- Despois, podeades recortar só os nomes dos monumentos para despois tratar de unir cada nome co seu.
- 4 ANOS: se teñen soltura tamén pode facer esta actividade, senón farán a seguinte.
- 3 a 4 ANOS: observade todas as tarxetas e falade sobre o que hai nelas e o que pon. Coa axuda dun adulto podeades observar o mapa político e ver onde se atopan os países das fotos. Logo, tedes que facer un xogo de memoria coas tarxetas. Imprimide dúas veces cada páxina para ter dúas copias de cada foto. Colocádeas desordenadas e observade ben onde está cada parella antes de darlle a volta ás tarxetas. Despois, tedes que buscar as parellas.
- Os nenos/as de 5 anos tamén podeades xogar ao memory se vos apetece.
- Grazas, forza e ánimo.